Maria Loureiro Garcia (1 para 2)
PRESIDENTA - ALCALDESA
Data de Sinatura: 20/11/2020
HASH: 36b3fe2f64bd4c417966cb699819268b

Maria Luz Balsa Rabade (2 para 2)
SECRETARIA
Data de Sinatura: 20/11/2020
HASH: 1ba4a2159980 5a01b735c01cb971bacf

EXPTE.- 739/2020

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Dª. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

No Boletín Oficial da Provincia de Lugo do mércores, 12 de marzo de 2020 N.º 059, publícase a convocatoria do proceso para a selección de DOUS ADMINISTRATIVOS mediante a modalidade de funcionario interino, encadrado na causa prevista no artigo 10.1.d) do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro-TREBEP), e no artigo 23.2.d) da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, xa que as prazas a cubrir, que non forman parte do cadro de persoal, e por exceso ou acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial, por un prazo máximo de 6 meses dentro de un período de doce meses, considerando urxente e inaprazable a necesidade de iniciar o procedemento por acumulación de traballo no referido departamento prioritario do Concello.

Vistas as bases xerais, específicas e anexo polas que se establecen as normas para a selección de DOUS ADMINISTRATIVOS funcionario interino por acumulación de tarefas.

Vista a Resolución de data 06 de novembro de 2020, da lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo.

Vista a base 9.3, que sinala *"(...)**LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS.-** Transcorrido, no seu caso, o prazo indicado no punto anterior, aprobarase por Resolución da Alcaldía a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no procedemento selectivo. A aprobación desta lista definitiva suporá a estimación ou desestimación das subsanacións presentadas polos aspirantes excluídos. Esta lista definitiva será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital..."*

RESOLVO

PRIMEIRO.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan na sala de Xuntas deste Concello de Viveiro ***o mércores día 25 de novembro de 2020, ás 09:00 horas***, para a elaboración da lista definitiva de admitidos e excluídos e establecer as datas do examen de galego e da fase de oposición.

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa, Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García María Luz Balsa Rábade

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

Cod. Validación: C22RFNDXPXHSFCTZFCMX7YG7T | Corrección: https://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 1